

Intelixencia artificial en Drupal

Descrición

Este seminario está deseñado para administradores de sitios, responsables de contido, perfís técnicos e profesionais IT con coñecementos previos de Drupal que queiran coñecer as posibilidades reais da Intelixencia artificial aplicada a sitios Drupal.

Durante a sesión, os participantes descubrirán como integrar ferramentas e servizos de IA en Drupal para mellorar a xestión de contidos, automatizar tarefas, asistir aos editores, xerar textos, analizar información e explorar novas formas de interacción cos usuarios. Presentaranse conceptos básicos de IA xenerativa, modelos de linguaxe, APIs e módulos dispoñibles para Drupal, combinando a explicación teórica con demostracións prácticas.

O seminario permitirá entender que pode achegar a IA a un proxecto Drupal, que limitacións ten, como controlar o seu uso e que criterios deben terse en conta antes de incorporala a un sitio real.

Perfil do docente

O relator será Fran Gil, experto en desenvolvemento web con Drupal desde o ano 2006 e formador e consultor Drupal en Forcontu desde 2009. Fran Gil é autor dos libros e plans formativos que impartiu Forcontu en Drupal desde a versión 6 á 11. Tamén titoriza os cursos online de Forcontu e imparte os cursos presenciais e por videoconferencia para empresas.

PROGRAMA	Programación 2026/27
TIPO	SEMINARIO
PERIODO INSCRICIÓN	01/05/2027 - 13/06/2027
Nº PRAZAS	232
METODOLOXÍA	Virtual

Intelixencia artificial en Drupal

DURACIÓN	4 horas
DATA INICIO	14/06/2027
DATA FIN	14/06/2027
HORARIO	Horario de 16:30 a 20:30 horas.
LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
PERIODO DOCENCIA	14/06/2027 - 14/06/2027

Temario

- Introducción á Intelixencia artificial xenerativa.
- Casos de uso de IA en Drupal.
- Módulos e servizos de IA dispoñibles para Drupal.
- Integración con modelos e APIs externas.
- Asistencia a editores e xeración de contidos.
- Automatización de tarefas e fluxos con IA.
- Consideracións sobre control, privacidade, custos e seguridade.